

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP DE SESTELO-BAIÓN
CURSO: 6.º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
DEPARTAMENTO: -
DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
CN-B1.1	6º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
CN-B1.1	6º-CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
CN-B1.1	6º-CNB1.1.3 - Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).
CN-B1.1	6º-CNB1.1.4 - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
CN-B1.2	6º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
CN-B1.3	6º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
CN-B1.3	6º-CNB1.3.2 - Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.
CN-B1.4	6º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
CN-B1.4	6º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
CN-B2.1	6º-CNB2.1.1 - Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
CN-B2.2	6º-CNB2.2.1 - Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
CN-B2.3	6º-CNB2.3.1 - Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
CN-B2.3	6º-CNB2.3.2 - Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.
CN-B2.3	6º-CNB2.3.3 - Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
CN-B2.3	6º-CNB2.3.4 - Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).
CN-B2.3	6º-CNB2.3.5 - Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais
CN-B3.1	6º-CNB3.1.1 - Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
CN-B3.2	6º-CNB3.2.1 - Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.
CN-B3.2	6º-CNB3.2.2 - Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.
CN-B3.2	6º-CNB3.2.3 - Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.

CN-B3.3	6º-CNB3.3.1 - Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.
CN-B3.3	6º-CNB3.3.2 - Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.
CN-B3.3	6º-CNB3.3.3 - Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.
CN-B3.3	6º-CNB3.3.4 - Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.
CN-B3.3	6º-CNB3.3.5 - Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.
CN-B4.1	6º-CNB4.1.1 - Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.
CN-B4.1	6º-CNB4.1.2 - Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
CN-B4.2	6º-CNB4.2.1 - Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.
CN-B4.2	6º-CNB4.2.2 - Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
CN-B4.3	6º-CNB4.3.1 - Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.
CN-B4.3	6º-CNB4.3.2 - Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.
CN-B4.4	6º-CNB4.4.1 - Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.
CN-B4.4	6º-CNB4.4.2 - Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.
CN-B4.4	6º-CNB4.4.3 - Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.
CN-B4.4	6º-CNB4.4.4 - Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.
CN-B4.4	6º-CNB4.4.5 - Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.
CN-B5.1	6º-CNB5.1.1 - Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.
CN-B5.1	6º-CNB5.1.2 - Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.
CN-B5.1	6º-CNB5.1.3 - Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
CN-B5.2	6º-CNB5.2.1 - Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)
CN-B5.3	6º-CNB5.3.1 - Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.
CN-B5.3	6º-CNB5.3.2 - Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.

CN-B5.4	6º-CNB5.4.1 - Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.
CN-B5.4	6º-CNB5.4.2 - Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

En vermello, os criterios e estándares considerados non esenciais e que quedan excluídos da programación do terceiro trimestre.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: Análises das producións dos alumnos, intercambios orais cos alumnos, probas específicas.
	Instrumentos: Investigacións, diálogo, posta en común, probas obxectivas, interpretación de datos, exposición dun tema.
Cualificación final	Procedemento para obter a cualificación final de curso: -1ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. -2ª Avaliación: computará un 45 % do total da cualificación final do curso. -3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10 % do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos contidos non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede en primaria
Alumnado de materia pendente	Non hai alumnado con materias pendentes

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

As actividades deste terceiro trimestre adaptaranse ás características propias das tecnoloxías dixitais. Levaranse a cabo actividades de recuperación, repaso e reforzo pero tamén de ampliación relacionadas con aprendizaxes imprescindibles que figuraban na programación inicial do curso.

O alumnado realizará, fundamentalmente, estas actividades:

- **Fichas dixitais de autocorrección diarias** elaboradas polo docente e contextualizadas para este grupo e para os estándares de aprendizaxe que tomamos en consideración.
- **Lecturas e comentarios** sobre os contidos do trimestre relacionados particularmente coa saúde e cos seres vivos.
- **Investigación en internet** sobre saúde pública e sistemas sanitarios, medidas de prevención contra a COVID-19, hixiene e seguridade, etc.
- **Proxecto final de trimestre sobre unha especialidade médica.** Cada alumno elixirá unha especialidade médica e realizará unha investigación sobre a mesma relacionando os órganos e aparellos aos que afecta, enfermidades propias da especialidade, así como medidas de prevención e hábitos saudables. Os traballos finais en formato presentación de diapositivas será publicado no grupo en Agueiro e o alumno ou alumna deberá expoñelo en videoconferencia ao resto da clase.

<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Todo o alumnado do grupo ten conexión a internet con algunhas incidencias puntuais debidas á mala cobertura da rede e quizais aos propios dispositivos. As videoconferencias diarias (2 horas pola mañá e unha hora pola tarde) tratan de fortalecer os lazos entre os membros do grupo e encaixan nunha visión cooperativa da aprendizaxe, o rasgo esencial da metodoloxía que utilizamos na aula e que, na medida do posible, desexamos continuar a distancia.</p> <p>Traballaremos nos dous modos básicos de ensino a distancia: Sincrónico, por medio de videoconferencia para propoñer actividades en liña, detectar e solucionar dúbidas, e proporcionar feed-back en vivo. Asincrónico, suxerindo tarefas que se poden facer ao longo da xornada ou da semana como a elaboración de traballos de investigación, blogs de aula, etc.</p> <p>O grupo na plataforma educativa Agueiro é un elemento fundamental desde o punto de vista metodolóxico porque permite traballar en conxunto, compartindo todo tipo de materiais didácticos e promovendo proxectos compartidos, pero ao mesmo tempo facilita a conciliación da vida familiar ao permitir o acceso a todas as videoconferencias e actividades en calquera momento do día.</p> <p>O desenvolvemento das competencias clave con propostas de tarefas integradas e globalizadas é outro dos rasgos esenciais da metodoloxía. A competencia dixital e a competencia social e cívica están a ter un tratamento privilexiado, sen esquecer o resto de competencias que conforman o currículo de primaria.</p> <p>Na área de ciencias da natureza imos realizar actividades de reforzo dos contidos xa tratados nos primeiros trimestres, pero tamén sobre novas unidades, especialmente as relacionadas co corpo humano e os seres vivos. Na primeira delas aplicaremos un enfoque práctico relacionado coa saúde, o sistema sanitario e os hábitos de hixiene. No contexto que estamos a vivir é unha aproximación adecuada a conceptos que cómpre coñecer ben. Tamén empregaremos diversas ferramentas dixitais como atlas anatómicos e fontes de información.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Presentacións de diapositivas multimedia Fichas de exercicios Fichas dixitais de autocorrección Medios de comunicación dixitais e bibliografía específica Fontes oficiais de información Recursos tecnolóxicos propios: ordenador, webcam, micrófono, escáner, subscricións a provedores de servizos, etc.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O alumnado e as familias contan con información completa e detallada desde o inicio do período de confinamento. Esa información reformouse coas modificacións introducidas polas autoridades educativas e unha vez reformada foi trasladada a todas as familias.</p> <p>Empregamos diversos recursos e canles de comunicación:</p> <p>Alumnado No grupo de aula na plataforma Agueiro publicamos un documento en PDF orientado aos rapaces. Acompañamos o documento cunha presentación de diapositivas en Google. Ademais aproveitamos a primeira videoconferencia en Webex para trasladar unha mensaxe clara sobre os obxectivos principais neste último trimestre e sobre a maneira de resolver a avaliación final e a promoción á seguinte etapa.</p> <p>Familia Mantemos desde o inicio de curso un contacto permanente a través de Abalar móbil, servizo de mensaxería e cooperación Taskade e correo electrónico. Empregamos tamén a propia plataforma Agueiro para compartir indicacións orientadas ás familias. Ás poucas semanas de iniciar a educación a distancia solicitamos a participación nunha enquisa que deu un grao de satisfacción dun 4,4 sobre cinco.</p>
Publicidade	Publicación na páxina web do centro